



APELIDOS GALEGOS

A continuación, vou a falar de catro apelidos galegos mais importantes: Feijó, Andrade, Ferreiro e Sotelo.

Andrade:

Andrade (variante Andrada) é un apelido da onomástica da lingua portuguesa. A súa orixe remontaría a Galiza, nunha familia que ten unha finca- a vila de Andrada - situada entre Pontedeume, Ferrol e Vilalba.

Os Andrades - ou Andradas únense en diversas ocasións aos Freires, razón pola que os dous apelidos pasaran a considerarse indisociables, usando uns Andrade Freire, outros Freire de Andrade. Os principais ramos portugueses proveñen de Roi Freire de Andrade, que veu para Portugal cos seus dous fillos D. Nuno Rodríguez Freire de Andrade, máis tarde mestre da Orde de Cristo, e Vasco Freire.

Xoán Fernández de Andrade, fillo de Fernando Díaz de Andrade e de Dña. Beatriz da Maia, serviu aos reis D. Afonso V e D. Xoán II nas tomas de Arzila e de Tânger, e en recompensa polos seus servizos, cedelle as súas armas (28 de febreiro de 1485), e fíxolle una doazón, na illa da Madeira, das terras do Arco da Calheta.



Feijoo:

Liñaxe de orixe Galega, de Vila de Rei, na provincia de Ourense, radicando na Coruña, Pontevedra e Cuba. Un descendente do rei Witiza chamado don Xiraldo Feijoo foi tronco desta liñaxe. Una rama pasou a Cuba. Probou a súa nobreza na orde de Santiago.



Ferreiro:

Ata onde coñecemos, os Ferreiro son orixinarios de Galicia. No idioma galego o apelido significa -literalmente- ferreiro.



Sotelo:

Liñaxe de orixe Galega, radicada en Lugo, Valladolid e Sevilla. Tamén aparece en Nápoles, Italia. O apelido Sotelo é a forma castelanizada do galego Soutelo, diminutivo de "souto", (souto: lugar poboado de árbores, especialmente castiñeiros), do latín SALTUM.

DANIEL MATO CEA, B1C



XAN QUINTÁN

Xan Quintán quere casar,
non ten a muller buscada.
Foise facer o amor
á filla da tía Xoana:
- Boas noites, tía Xoana
¿Onde lle vai a rapaza?
- Vaime no gas para a noite
e xa parece que tarda.
- Boas noites, Xan Quintán,
traíote no pensamento.
- Pois ti diralo de risa,
pero eu dígocho de veras,
que xa levo aquí un cacho
quentando as pernas.
- Eu queríame casar,
as riquezas non as teño,
pero habemos de vivir.
Teño unha cabra
con catro cabritos;
mentres que dous maman
os outros dous brincan.
E fixeron as proclamas
e leváronllas ao cura.
O cura leunas
no ofertorio da misa,
a xente que as oíu
a todos lles valeu de risa.
E chegaron á igrexa,
ela díxolle que non quería.
Xan Quintán quedou teso
coma as "verjas" dun canizo.
Xan Quintán marchou pa casa
nin sequera adios lle dixo.

AS MIGAS

Cristos beliscos
e migas de pan
cortounas Pedro
e comeunas Xan.

Esta noite hei de ir ao muíño
cun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.